ASF-Galicia | E.T.S. Arquitectura, A Zapateira s/n, 15071 A Coruña | Teléfono 981 167 000 – ext. 5033 | E-mail galicia@asfes.org | Rexistro nacional nº 14.317 C.I.F G-60.192.614

Arquitectos Sen Fronteiras

MEMORIA XUSTIFICATIVA PROXECTO

"Alternativa de autoemprego e IPIS"

ARQUITECTOS SEN FRONTEIRAS

PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES E PROXECTOS BÁSICOS, INNOVADORES E COMPLEMENTARIOS DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 2012

BS620A 2012/45-0

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Secretaría Xeral de Política Social

II plan galego de inclusión social

1. DATOS RELATIVOS AO PROGRAMA
    - Denominación do programa/actuación/curso
    - Marco no que se desenvolve o programa/actuación/curso
    - Subvención recibida
    - Recursos humanos: perfís profesionais dos técnicos

2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN
    - Finalidade do programa/actuación/curso

3. OBXECTIVOS
    - Obxectivo xeral
    - Obxectivos específicos

4. METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS
    - Recursos propios
    - Recursos cedidos, etc.

5. ACTIVIDADES OU CURSOS DESENVOLVIDOS
    - Programa e contidos de cada curso
    - Datas de inicio e remate.
    - Nº de horas.
    - Nº de participantes.
    - Lugar onde se realiza.

6. CURSOS Y TALLERES REALIZADOS
    - De organización propia.
    - Derivación de usuarios a Centros Específicos de Formación.

7. DATOS RELATIVOS AOS USUARIOS DE CADA CURSO OU ACTIVIDADE
    - Perfil das persoas participantes:
        - Clasificación segundo o sexo: (nº de homes, nº de mulleres)
        - Clasificación segundo idade (por sexo)
        - Clasificación por nivel de estudos etc. (por sexos)
        - Clasificación segundo problemáticas dos participantes (inmigrantes, minorías étnicas, sen teito, etc.) por sexos
        - Clasificación por situación laboral por sexos

8. OBXECTIVOS ACADADOS, RESULTADOS E INDICADORES DE EVALUACIÓN

9. AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E CONCLUSIÓNS

ANEXO 1. FICHA DE REXISTRO DE DATOS

ANEXO 2. TÍTULOS

1. DATOS RELATIVOS AO PROGRAMA

• Denominación do programa/actuación/curso

Proceso participativo de Estudio de viabilidade de alternativas de Autoemprego e de acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción SocioLaboral enmarcado no "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas".

• Marco no que se desenvolve o programa/actuación/curso

A ferramenta diferencial de ASF Galicia para acadar a misión de lograr un mundo xusto e solidario, é reivindicar o dereito ao hábitat como necesidade básica imprescindíbel para vivir con dignidade e seguridade, para desenvolver libremente a propia personalidade e para participar libremente na vida comunitaria.

ASF-Galicia considera que a vulneración deste dereito básico dana a integridade física e mental das persoas, a súa vida privada, familiar e social, o seu dereito ao traballo, á educación e a participación política e cidadán.

Arquitectos Sen Fronteiras leva varios anos activando proxectos de acompañamento á poboación, asesoramento técnico e incidencia política nos asentamentos precarios de A Coruña, co obxectivo de mellorar as condicións de habitabilidade que a poboación padece, e facendo seguimento dos problemas socias da comunidade.

Esta situación de carencia de vivenda prolongada no tempo xera unha problemática de exclusión social de carácter multidimensional que están a padecer milleiros de persoas que viven en asentamentos precarios e chabolistas urbanos en Galicia. Ante esta situación ASF entende a "Erradicación do Chabolismo" como a satisfacción dun conxunto de necesidades que se deben encaixar dentro dun programa de accións que teñan como obxectivo a inclusión social, por elo o nome do proxecto que ASF desenvolve no marco da problemática chabolista de A Coruña leva o nome de "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas".

Ao abordar a planificación dun programa de inclusión social, son varias as áreas de intervención a ter en conta:

A educación, como única solución para a integración; a sanidade, tanto no seu estado físico como psíquico; a situación laboral, como aspecto fundamental e principal, xa que o emprego non é soamente un dereito social nin a principal e case única fonte de ingresos na sociedade de consumo, senón o principal mecanismo de integración social e desenvolvemento persoal e, por último, a habitabilidade, o dereito a un fogar e un entorno axeitado onde poder acadar un desenvolvemento humano e social.

O Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas, promovido por ASF-Galicia, consta de 4 eidos temáticos interrelacionados: Área de Educación, Área Laboral, Área de Habitabilidade e Área de Saúde e 1 centro de coordinación: CECOR ou Área de Coordinación. O equipo de voluntarios de ASF facilitará o contacto directo das áreas técnicas coa poboación, sempre coordinados dende o CECOR.

Este Proxecto de ámbito laboral que aquí se presenta co título: Proceso participativo de Estudio de viabilidade de alternativas de autoemprego e de Acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción SocioLaboral pretende cubrir unha primeira acción a desenvolver no ámbito da integración no mercado de traballo enmarcado dentro do programa integral, "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" de xeito coordinado coas demais áreas: habitabilidade e salubridade, educación e sanidade e cos demais actores implicados: poderes públicos, técnicos e cidadanía.

• Subvención recibida

O custo total do proxecto ascende á cantidade de 14.671,90€. Dos cales:

- 8.383,26€ da Consellería de Traballo e Benestar
- 2.448,64€ do Concello de A Coruña
- 3.840,00€ de aporte da asociación

Sendo a subención recibida gastada neste proxecto a:

I. PERSOAL: 4.122,93€

II. MATERIAL: 681,43€

III.XERAL: 10.074,47€

• Recursos humanos: perfís profesionais dos técnicos

Para levar a termo as accións previstas, foi necesario a ampliación do equipo de profesionais da entidade, coa seguinte técnica: unha traballadora social, que dinamiza e coordina a área laboral do programa global, adicándose de forma exclusiva a formar e organizar a poboación obxectivo, cumprindo os obxectivos planeados.

2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

• Finalidade do programa/actuación/curso

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE SOCIAL

Despois de 30 anos de persistencia dos asentamentos precarios na cidade de A Coruña e tras un traballo de 3 anos de estudio, seguemento e avaliación das políticas públicas en materia de asentamentos chabolistas, se detecta unha total deficiencia no proceso de planificación destas accións, unha carencia xeralizada dunha fase previa de achegamento, fortalecemento e empoderamento da poboación obxectivo e de previsións específicas para mellorar a calidade de vida das familias mediante plans de formación ou laborais.

Dende ASF priorizouse, nas accións de inclusión social, a fase previa de identificación da problemática real e de cohesión social coa poboación como elemento clave para iniciar calqueira proceso de integración e realoxo no que o obxectivo principal non fora exclusivamente o desmantelamento do asentamento senón que procurara unha real inclusión social da poboación afectada.

O apoio das organizacións de base social e a participación da propia poboación obxectivo, considerándoa coma os protagonistas do proceso dende a fase de identificación da problemática, favoreceu o éxito da iniciativa de inclusión social co fin de acadar un impacto positivo na sociedade. Non se pode manter de lado á poboación afectada senón que se trata de construír con ela todo o proceso de visibilización e transmisión dunha imaxe positiva e pro-activa de cara á sociedade maioritaria se queremos acadar un cambio real a favor dunha sociedade máis xusta e unha cidadanía incluínte.

Dada a experiencia de ASF- Galicia na identificación da complexa realidade de exclusión, que están a padecer as minorías que viven nos asentamentos precarios, mediante a utilización da técnica de traballo de campo en procesos participativos coa poboación afectada e despois de realizado un estudo profundo de coñecemento, análise e diagnose da situación se detectaron as carencias referenciadas que xustifican a intervención proposta.

E además xustificamos a pertinencia da proposta e da continuidade do traballo que está a realizar ASF-Galicia :

- A pertinencia da implicación do tecido social: Acolléndonos aos principios de enfoque integrado e a implicación do tecido social que promove o II Plan Galego de Inclusión Social, a organización ASF-Galicia presentou este proxecto de ámbito laboral enmarcado no "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" co fin de aumentar a capacidade de acción para loitar contra a exclusión social que padece a poboación que vive nos asentamentos chabolistas de As Rañas e Ponte Pasaxe, situados na cidade de A Coruña.

- A pertinencia da continuidade do traballo que está a realizar ASF-Galicia: Dada a situación de precariedade habitacional nos asentamentos de Pasaxe e As Rañas, ASF-Galicia considerou necesario continuar co proceso de traballo social iniciado no ano 2009 en As Rañas e no ano 2011 en A Pasaxe e fortalecer a intervención con persoal especializado contratado para optimizar o aporte dos voluntarios e acadar maior impacto nas actividades realizadas.

Seguindo a metodoloxía de traballo de ASF, é preciso continuar e potenciar a técnica de traballo de campo, facilitada polo persoal voluntario, para poder multiplicar o alcance das accións coa poboación e a súa implicación no proxecto. Tratouse de aportar un traballo complementario aos servizos sociais de base, actuando coma red capilar que multiplica as accións deste recurso gracias ao aporte do traballo voluntario adecuadamente formado, guiado e coordinado por técnicos profesionais. Nestes contextos tan complexos é preciso multiplicar a atención personalizada; baixo a condición de habitante de asentamento precario se esconde unha diversidade de poboación que require un estudio pormenorizado de casos, por núcleo familiar e persoal.

Para que as dinámicas participativas foran realmente efectivas foi preciso un traballo previo de educación, fortalecemento e empoderamento da poboación.

- A pertinencia de abordar o ámbito de emprego na integralidade do "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" : Ao abordar a planificación do programa de inclusión social, a situación laboral das persoas que se atopan excluídas presentouse como un aspecto fundamental. O emprego non é soamente un dereito social nin a principal e case única fonte de ingresos na sociedade de consumo, se non o principal mecanismo de integración social e desenvolvemento persoal. A relación das persoas co mercado de traballo ten consecuencias máis alá da renda dispoñible ou das pautas de consumo. O emprego, ademais de permitirnos levar unha vida digna, é fonte de recoñecemento e participación social e institucional, mellorando a autoestima e facilitando a inclusión nas principais redes sociais. É en definitiva, un dos principais axentes de socialización.

- A necesidade de regularizar situacións de autoempregos informais: Aínda que os datos son escasos, pódese afirmar que a porcentaxe da poboación xitana que traballa por conta allea é escasa. A gran maioría traballa por conta propia, en situacións de crecente dificultade e precariedade. Dende a sedentarización dos xitanos a mediados do século pasado, as principais actividades fundamentais da comunidade foron a venda ambulante e a recollida de cartón e chatarra e, no caso do asentamento de Ponte Pasaxe, tamén o marisqueo. As relacións laborais da gran maioría da comunidade son de forma non regularizada, incumprindo as normativas no tocante a dereitos e obrigas. Recentemente foron implantadas novas leis no mercado da

compra e venta da chatarra e do cartón, esixíndolle aos vendedores a súa regularización para exercer a venda, un problema que sumado ao que xa había, polo manexo de materiais perigosos e xestión de residuos dos materiais contaminantes, reduce e exclúe aínda máis as persoas que mantiñan un emprego e que por medio de el lograban sobrevivir.

Facilitar o acceso da poboación xitana ao mercado laboral é perfectamente compatible co apoio á regulación e dignificación dos traballos que realizan actualmente. A recollida de chatarra e cartón ou a venda ambulante, son as tres principais actividades económicas da poboación xitana de A Coruña, aínda que hai outros oficios, como o "marisqueo".

As políticas públicas de inserción laboral non alcanzan entre esta población os resultados esperados e a situación de exclusión tanto por falta de vivenda digna como por falta de emprego se retroalimentan impedindo a esta poboación sair do círculo de exclusión no que se atopan e perpetúando esta situación sobre as xeracións futuras.

DESCRICIÓN DO CONTIDO

ESTRUCTURA DO PROXECTO dentro do Programa de Inclusión

O Proxecto de "Proceso participativo de Estudio de viabilidade de alternativas de autoemprego e de Acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción SocioLaboral" está enmarcado no "Programa de inclusión social en asentamentos chabolistas" de Arquitectos Sin Fronteras- Galicia.

O Programa consta de catro eixes técnicos interrelacionados:

- Área Laboral
- Area de Habitabilidade- Salubridade
- Area de Saúde
- Area de Educación

Cada unha destas áreas intégranse por un equipo de profesionais e un grupo de voluntarios que reforza e optimiza os recursos existentes no seu achegamento directo á poboación.

Estas 4 áreas coordínanse a través do Centro de Coordinación do proxecto, CECOR.

Transversalmente, dende o CECOR se traballan as actividades de sensibilización en torno á problemática da carencia dun hábitat digno tanto en contextos internacionais coma locais, promovendo a Campaña de información, visibilización e sensibilización de cara á cidadanía: "Hábitat Excluínte" que se leva a cabo durante os anos 2012 e 2013, cuidando especialmente a estratexia mediática, con proxección de mensaxes positivos e propositivos de cara á sociedade maioritaria.

Tamén dende o CECOR liderase o traballo social de empoderamento e de organización da poboación para garantir o impacto das accións realizadas entre a poboación.

E, por último encargase da coordinación tanto interna como externa con todos os actores e recursos disponibles.



CONTIDO DO PROXECTO de ámbito LABORAL

O Proxecto fomenta a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación de exclusión social que viven nos asentamentos chabolistas de As Rañas e Ponte Pasaxe, en A Coruña incluíndose no seguinte apartado:

d) Programas integrais de base comunitaria en barrios urbanos que desenvolven accións preventivas, de intervención, seguimento e titorización para persoas en situación ou risco de exclusión social.

O Proxecto incide en dúas liñas de intervención:

Por unha banda, na realización do estudo de viabilidade de transformación de actividades que están a desenvolver as persoas do ámbito de intervención de xeito informal e con baixa rendibilidade para convertela nunha alternativa de autoemprego que facilite ao núcleo familiar a súa integración social. Trátase de actividades vinculadas á xestión de residuos tipo chatarra e cartón. Esta liña inclúe as actividades de formación necesarias tanto para a tramitación e xestión da alternativa de autoemprego seleccionada coma para aportar unha formación específica no ámbito do traballo a desenvolver.

Por outra banda, o acompañamento á poboación na elaboración e cumprimento dos Itinerarios Personalizados de Inserción SocioLaboral (IPIS) en coordinación cos servizos comunitarios básicos. Dentro desta liña se potencia a participación, motivación e implicación da poboación nos procesos de elaboración dos IPIS de xeito realmente consensuado e na busca de emprego. Desenvólvense actividades de traballo comunitario, relacionadas co ámbito da salubridade no contexto do asentamento, para formar nas habilidades prelaborais á poboación.

3. OBXECTIVOS

• Obxectivo xeral

Fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación de exclusión social promovendo un proceso participativo de motivación polo traballo baseado no acompañamento nos procesos personalizados de orientación – formación – inserción e na busca de alternativas de autoemprego.

• Obxectivos específicos

O. 1: Lograr a mobilización e a motivación polo emprego.

O. 2: Realizar proxectos de integración, orientación e formación laboral encarados ao autoemprego mediante a constitución de modelos empresariais coherentes coa realidade.

O. 3: Fomentar a formación ocupacional.

O. 4: Promover procesos de inserción da comunidade en idade de traballar no mercado laboral.

O.5: Integrar a persoas dependentes da RISGA nos procesos de busca de emprego.

4. METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS

A metodoloxía seguirá o seguinte protocolo de intervención:

. Coñecer a situación, como punto de partida para apoiar a inserción laboral da poboación xitana, é esencial que a Administración adique recursos para coñecer a magnitude e as características desta discriminación laboral. Iso permitirá desenvolver medidas axeitadas na súa contra.

. Construír accións positivas, como mecanismo de igualar oportunidades, paliando as asimetrías existentes. Existen na nosa sociedade importantes exemplos de accións positivas no ámbito laboral con poboación discriminada e especialmente deprimida economicamente, e que foron comprendidas e apoiadas por gran parte da poboación.

. A participación do tecido social na construción e desenvolvemento das iniciativas, formou parte da estratexia de sensibilización e comunicación, así como do apoio profesional para poder levar a termo os programas deseñados. A intervención aportou transparencia e claridade na información que se transmita á poboación.

. A formación profesional. O acceso ao mercado laboral non só está limitado pola discriminación, tamén pola falta de formación profesional. Existen iniciativas en materia de educación e formación laboral para xitanos e xitanas, tanto por parte da Administración, coma por parte dalgunhas ONGs e das propias asociacións xitanas. Grazas a estas iniciativas estase adquirindo experiencia á hora de detectar cales son as áreas de formación con maior proxección e de desenvolver medios pedagóxicos máis axustados ás súas necesidades.

. O desenvolvemento da súa propia comunidade como lugar de emprego. É importante concentrar esforzos para incluílos nos traballos e proxectos relacionados co desenvolvemento da súa propia comunidade. Os sectores da Administración, as asociacións, as empresas de servizos, as empresas de construción que traballan coa comunidade... (actividade de mellora da salubridade no poboado...)

. Formación de empresas de inserción social ou cooperativas de inserción social. Motivar, sensibilizar e formar a persoas que na actualidade traballan de maneira irregularizadas na busca de cartón e chatarra, co obxectivo de empreder en conxunto proxectos comunitarios laborais que sirvan como paraugas legal a vez que de ponte para unha inserción social.

. Traballo en rede. A transversalidade e a interdisciplinariedade son conceptos presentes na estratexia de cooperación de ASF e que temos presentes neste proxecto. Buscando a coordinación entre actores (públicos, técnicos e cidadanía) traballarase na xestión da intervención fomentando a participación da poboación, a sensibilización da cidadanía, a implicación e coordinación cos poderes públicos e

coas entidades implicadas, nomeadamente coa Plataforma Asociación polo Emprego, Igaxes3 e fundación Ronsel no ámbito laboral así como transversalmente coas entidades especializadas nos outros ámbitos de habitabilidade - salubridade, sanidade e educación, sempre coordinados dende o CECOR.

- Recursos propios

RECURSOS HUMANOS

Para levar a termo as accións, foi necesario a ampliación do equipo de profesionais da entidade cunha traballadora social, deste xeito dinamizouse e coordinouse a área laboral do programa global, adicándose de forma exclusiva a formar e organizar a poboación obxectivo, co fin de cumprir cos obxectivos planeados.

- persoal área laboral: 3 meses (media xornada)

- persoal responsable da demarcación para traballo directamente relacionado co proxecto subvencionado: 5 meses (6h/semana)

- persoal voluntario (equipo de 4 persoas cada semana, 16h/semana, 6 meses)

- asesoría técnica do CECOR (Centro de Coordinación)

RECURSOS MATERIAIS

- material de oficina non inventariable

- material funxible e específico de actividade (salubridade,

- fotocopias e reprografía

5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Actividade I

Recollida de datos relativos á situación laboral das persoas en idade laboral que viven nos asentamentos de As Rañas e A Pasaxe. Análise comparativo e aporte complementario de datos cos servizos comunitarios básicos. Identificación e proposta de alternativas de autoemprego a desenvolver.

Descrición:

Xornadas de traballo de campo para toma de contacto, coñecemento da realidade e fomento do grao de confianza coa poboación. Con estas xornadas de traballo tratouse de contar coa implicación da poboación dende a fase de identificación das intervencións .

Realízaronse diversas visitas de campo que permitiron ir facendo un censo baseado na realidade existente, e a elaboración de documentación gráfica a través dunha planimetría sobre fotografía aérea e fotografías parciais

localizando cada unidade convivencial na totalidade da área do asentamento.

Segundo os censos elaborados, na Pasaxe viven 47 familias e 22 en As Rañas , das cales houbo unha

participación activa do 70% (48 Unidades Convivenciais), entre ambos asentamentos para a recopilación de datos. Ésta realizouse conxuntamente coa poboación a través de conversas e reunións participativas e sistematizada nunhas fichas tipo que inclúen datos de identificación e de historia familiar, datos do estado de saúde, datos da situación socioeconómica e da situación sociolaboral e nomeadamente datos relativos á situación habitacional/vivenda.

Accións específicas:

- Reunións de planificación e organización dos equipos de traballo para o desenvolvemento da actividade.

- Xornadas de recollida de información nos asentamentos e reunións de seguemento de recollida de información e coordinación coas demais áreas do Programa de Inclusión Social nos asentamentos chabolistas

- información sobre o proceso a seguir en reunións comunitarias coa poboación

- entrevistas in situ de recollida de información personalizada

- coordinación de datos cos centros de base de servizos sociais de Elviña e Palavea.

- identificación e diagnóstico de alternativas de autoemprego a desenvolver

Fecha inicio- Fecha fin:

De Marzo a Setembro

Localización Territorial:

Asentamento de A Pasaxe e As Rañas (A Coruña)

(VER ANEXO 1) Ficha de Rexistro de Datos

Actividade II

Estudio de viabilidade para a creación dunha alternativa de autoemprego enfocada á recollida de aceite doméstico usado .

Descrición:

Proxecto para a creación dunha empresa de recollida de aceite doméstico usado dirixido á poboación en situación ou en risco de exclusión social residente nos asentamentos chabolistas de As Rañas e Ponte Pasaxe, con énfase no enfoque de xénero, que actualmente se atopa na fase de Estudio de Viabilidade, formulación do Plan de Empresa e organización dunha experiencia piloto para a posterior análise, co apoio e colaboración de diferentes entidades interesadas no proxecto.

Accións específicas:

- análise documental de recollida de documentación, de recursos existentes, de actores implicados (Asociación Plataforma polo Emprego, concellaría de medio ambiente do Concello de A Coruña…), alternativas de modelos empresariais (Empresa de Inserción Social, Cooperativa de Inserción Social…)

- Informar á poboación e seleccionar mulleres interesadas na creación dunha alternativa de autoemprego , atendendo ao interés, á motivación , á participación en xornadas de información e de formación e na adecuación co perfil dos traballadores .

- Reunións con diferentes axentes e entidades colaboradoras para información, orientación e asesoramento

- Asesoría técnica: Fundación Ronsel

Poboación obxectivo:

- mulleres dos asentamentos de As Rañas e Ponte Pasaxe.

Fecha inicio- Fecha fin:

De Xuño a Decembro

Localización Territorial:

Asentamento de A Pasaxe e As Rañas (A Coruña)

Actividade II.I

Formación específica necesaria para o desenvolvemento da alternativa de autoemprego seleccionada, tanto na tramitación e xestión coma no ámbito do traballo a desenvolver.

Descrición:

Formación específica para a tramitación dos permisos esixidos para o desenvolvemento da actividade e no desenvolvemento do plan de viabilidade de alternativa de autoemprego.

Acompañamento na busca de formación específica para o desenvolvemento da actividade de autoemprego, tramitación de solicitude de cursos específicos aos recursos municipais. Organización e implementación doutra formación básica necesaria non incluída nos recursos formativos formais.

Accións específicas:

Taller para a mellora da Empleabilidade e autoemprego

Información, orientación, asesoramento, acompañamento individualizado e asistencia a Cursos e formación básica

Fecha inicio- Fecha fin:

De Xullo a Decembro

Localización Territorial:

Ámbito comarcal de A Coruña- poboación de As Rañas e Ponte Pasaxe

Actividade III

Acompañamento no desenvolvemento dos Itinerarios Personalizados de Inserción SocioLaboral

Descrición:

Tarefas de acompañamento e asesoramento para a formación e inserción laboral da poboación desempregada dos asentamentos chabolistas.

Accións específicas:

- Prevención: información, orientación, asesoramento e acompañamento nos procesos de tramitación (selección e matriculación) de Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI) e ESA.

- Derivación a recursos ou servizos especializados:

  - Centro de Formación Violetas: alfabetización, apoio e Competencias Clave
  - Centro Municipal de Formación
  - Cruz Vermella
  - Fundación Ronsel
  - Fundación Secretariado Xitano, Programa ACCEDER
  - Servizo Público de Emprego Estatal

- Información sobre recursos comunitarios, orientación e apoio personalizado.

- actividades de información, asesoramento, motivación sobre posibles actividades de fomento do autoemprego.

- actividades para coñecer , dinamizar e potenciar as capacidades e recursos persoais e sociais

- revisión e reelaboración do itinerario personalizado de inserción, coordinado cos traballadores sociais do centro cívico e actores implicados.

- acompañamento personalizado no seguimento do itinerario de inserción (formación, elaboración de curriculums, cursos de habilidades; busca de emprego… aproveitar e fortalecer os recursos existentes). Apoiar a labor e facer de intermediarios entre os recursos existentes, municipais e de entidades do Terceiro Sector, e a poboación, achegando as persoas aos recursos e viceversa.

- identificación doutras iniciativas de contratación laboral e de autoemprego.

Fecha inicio- Fecha fin:

De Maio a Decembro

Localización Territorial:

